



CRITERIOS DE ACTUACIÓN PRIMEIRA PROBA

Lugar de celebración de todo o proceso: CIFP Politécnico de Santiago. Avenida de Rosalía de Castro, 133, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña

FASE A. Primeira Proba

- . **Día: Venres 29 de novembro de 2024.**
- . **Hora: 17:00**
- . **Espazo do centro: Salón de actos.**

Todas as persoas aspirantes deberán asistir provistas de documento válido para acreditar a súa identidade. Non será admitida ningunha persoa que non cumpra esta condición.

As persoas aspirantes que non se presenten a esta proba decaerán nos seus dereitos e serán excluídas do procedemento.

Non se poderá acceder ao espazo no que teña lugar esta proba con teléfono móbil, reloxo, ou calquera outro dispositivo electrónico activado. Todas as persoas aspirantes deben ter despexados os pavillóns auditivos para comprobación, de ser o caso, de que non portan dispositivos non autorizados de conexión co exterior. Habilitarase un reloxo no local no que se desenvolve a proba.

O persoal aspirante poderá traer auga (en botella transparente sen etiquetas).

Os bolsos, mochilas e similares deberán permanecer pechados debaixo da cadeira de cada persoa aspirante.

A asistencia ao aseo será excepcional, de xeito gradual, e en compañía dun membro do tribunal.

Só se poderá utilizar bolígrafo dunha única tinta indeleble, negra ou azul.

Non se permite o uso de cinta correctora nin similares.

Non se poderá compartir material entre as persoas aspirantes.

A primeira proba constará dun total de 60 preguntas –20 de opción múltiple tipo test e 40 de resposta curta– que versarán sobre as funcións e as técnicas específicas da Inspección Educativa de acordo coa normativa que regula a función inspectora en Galicia e sobre o funcionamento e organización dos diferentes tipos de ensinanzas. Para esta proba a persoa aspirante disporá dun máximo de 150 minutos. As 20 preguntas de





opción múltiple levarán engadidas 4 preguntas adicionais, de reserva, que se irán utilizando progresivamente no caso de anulación dalgunha das 20 preguntas iniciais.

A puntuación total da primeira proba pode ser dun máximo de 60 puntos. Esta será dividida por seis para obter a correspondente cualificación da primeira proba de entre 0 a 10 puntos. A cualificación mínima para poder considerarse superada esta proba, e poder acceder á segunda, será de 5 puntos.

As respostas ás preguntas tipo test deberán ser consignadas na grella deseñada para o efecto, non sendo admitida ningunha resposta que non figure nese espazo.

As cuestións de resposta curta deberán contestarse dentro do cadro que figura para o efecto en cada unha delas, non sendo válida ningunha resposta que se atope fóra deste espazo.

Comezada a proba, o persoal aspirante deberá permanecer un mínimo de vinte minutos no local de exame. (Será o tempo máximo de demora no que, moi excepcionalmente, pode ser admitida a persoa aspirante que acredite debidamente causa de forza maior que lle tivese impedido a comparecencia no momento do seu chamamento. Estas circunstancias serán libremente apreciadas e aceptadas, se é o caso, pola comisión avaliadora.)

Ao rematar o exercicio, este deberá ser introducido nun sobre en cuxo anverso se consignarán os apelidos e nome da persoa aspirante.

A recollida do sobre realizarase directamente na mesa da persoa aspirante por parte dalgún membro da comisión avaliadora. Non se permitirá que ningunha persoa aspirante abandone a aula ata que lle sexa indicado.

A COMISIÓN AVALIADORA

